SUBCAMPIÓNS SKILLS GALICIA 2022

Boletín xuño 2022 nº 18

CIFP Universidade Laboral

DixInnova 2022

I Congreso de innovación educativa e dixital

Presentamos no I Congreso de Innovación Educativa e Dixital, "DixInnova 2022", celebrado no Galás o proxecto Profes360 que levamos a cabo este curso. O proxecto consiste na creación de contidos 360 para realidade virtual.

No congreso, ademais de presentar as tres experiencias realizadas en distintas conmemoracións durante o curso académico:

“Ponte no seu lugar”.
“A Laboral en bici”.
“SubeSegur@”.

Organizamos distintos obradoiros para profesores en xeral e alumnos de primaria.

1ª COMPETICIÓN SKILLS GALICIA FP Básica

Este ano celebrouse na Universidade Laboral a primeira competición das Skills Galicia de FP básica na especialidade de Electricidade e Electrónica. Participaron once parellas de varios centros de Galicia e tiveron que montar unha instalación eléctrica en catro horas sen descanso.

Os participantes

Skills Galicia FP Básica

1ª COMPETICIÓN SKILLS GALICIA FP Básica

Así traballaron

Skills Galicia FP Básica

1ª COMPETICIÓN SKILLS GALICIA FP Básica

Mentres os participantes estaban a traballar os titores tiveron unha mesa redonda na biblioteca do centro para falar da "Metodoloxía didáctica na FP básica desde a especialidade de Electricidade e Electrónica". Posteriormente, tamén puideron facer un percorrido virtual en bicicleta polo centro e un percorrido real.

Os titores compartindo metódoloxias didácticas na FP Básica

A competición durou todo o día pois pola tarde os docentes tiveron que avaliar os traballos feitos mentres que os alumnos desfrutaron dunhas horas de escalada no rocódromo do centro a cargo duns monitores.

Saídas e conmemoracións



Dia do DEPORTE na rúa e no Centro

O **día 27 de maio** celebramos o **Día do deporte na rúa e no centro** e desde o **Departamento de Actividades Físicas e Deportivas** propuxemos unha actividade para que o alumnado e o profesorado do centro puidesen realizar **actividades deportivas** nas instalacións do instituto.

As actividades consistiron na práctica de varios deportes: **tenis de mesa, bádminton, baloncesto, fútbol, escalada, ciclismo e lacrosse.**

Dia do DEPORTE

Para coordinar todas estas actividades contamos coa colaboración do **alumnado de 1º de CS de Animación Sociodepotiva, 1º de CS de Animación Socideportiva Modular, 1º de CS de Acondicionamiento Físico e 1º de CM de Guía no medio natural e tempo libre**.

Dia do DEPORTE

A actividade levouse a cabo durante practicamente toda a mañá e **participaron** nela o **alumnado e profesorado de moitos ciclos formativos**.

Dia do DEPORTE

Contamos tamén coa colaboración dos **alumnos e alumnas de 3º ESO do IES Rego da Trabe** que participaron nunha **coreografía** con cordas coa famosa **canción de Tanxugueiras**.

Finalmente, podíase visitar na **biblioteca** unha **exposición** sobre distintos **tipos de deporte** que se practican nos cursos dos **ciclos de Actividades Físicas e Deportivas.**

Dia do DEPORTE

MESA REDONDA SOBRE O SEXISMO NO DEPORTE

O mércores 23 de marzo o alumnado de actividades físico-deportivas do CIFP Universidade Laboral de Culleredo asistíu a unha Mesa Redonda sobre o sexismo no deporte. Nela estaban presentes deportistas de elite e tamén alumnas do centro. A dinámica consistíu en que as participantes expuxeran as súas experiencias como deportistas, relacionadas con sexismo no deporte e que se establecera un diálogo co público asistente para poder chegar a conclusións que nos leven á acción para actuar e erradicar o sexismo no deporte e por extensión na sociedade.

Agradecemos a presenza de:

- **Sofía Toro, oro olímpico en vela en Londres 2012.**
- **Teresa Martínez Cancelo, árbitra internacional de hockey patíns.**
- **Vane Alonso, campiona do mundo de pádel en 2018.**
- **Leny López, xogadora de fútbol sala.**
- **Mina Ribullen, xogadora e entrenadora de balonmán.**
- **Janina Bermúdez, judoca.**
- **Olaya García Fonte, monitora de actividades dirixidas.**

Grazas tamén ao público asistente, alumnado e profesorado, pola súa participación e as súas intervencións.

Como conclusión podemos resumir que é labor de todos e todas, docentes, entrenadores e entrenadoras, directivos, clubes, federacións... traballar na educación non sexista e fomentar a igualdade de oportunidades a todos os niveis.

ESCALADA

NO ROCÓDROMO

O mércores 23 de marzo o alumnado de **2º de Animación Sociodeportiva** foi facer una emocionante sesión de **escalada ao rocódromo** que temos no **ximnasio de Mariñas**.

Imaxe fondo de Ben Kitching en unsplah

Ademais de escalar, aprendimos **<u>técnicas de seguridade</u>**: como colocar o arnés, utilización correcta do casco, precaucións ante caídas, etc.

Deputación DA CORUÑA

Imaxe fondo de David Billing en unsplah

Visita a VALENCIA

O alumnado dos ciclos de Técnico Deportivo de grado medio e superior en fútbol visitaron a semana do 25 ao 29 de abril a cidade deportiva de Paterna.

Viron en directo adestramentos dos distintos equipos do Valencia CF.

Polas mañás observaron os adestramentos do Valencia Mestalla, Xuvenil A e Femenino A.

Ao rematar os adestramentos os alumnos pulderon preguntar sobre diferentes aspectos do xogo e dirección observados nos diferentes corpos técnicos.

Polas tardes, ademais de continuar co visionado dos adestramentos do resto de equipos do fútbol formativo, asistiron a charlas de nutrición, funcionamento do departamento de análise, identidade do club e metodoloxía do fútbol formativo.



Tamén asistiron a dúas reunións de traballo internas, á explicación previa, ao seu desenvolvemento co corpo técnico do Femenino B e a unha reunión de análise de datos co departamento de preparación física.

PADDLE SURF NA PRAIA DE MERA

O xoves 26 de maio o alumnado de 1º de Animación Sociodeportiva foi facer unha divertida sesión de paddle surf na praia de Mera, en Oleiros. Practicamos exercicios e xogos de equilibrio enriba da táboa, aprendimos a remar ben e desprazarnos sobre o mar e tamén nos pegamos algún que outro baño, ás veces voluntariamente e outras non tanto.

DÍA DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

28 DE ABRIL

No CIFP Universidade Laboral celebrouse o Día da Seguridade e Saúde no Traballo o pasado 28 de abril, cunha actividade desenrolada polo alumnado do 1º curso do Ciclo Superior de Prevención de Riscos Profesionais para todo o centro.

Preparáronse diferentes postos con actividades para achegar a prevención a todo o alumnado.

ACTIVIDADES DESENROLADAS

Seguridade: Risco Eléctrico e Traballos en altura.

Hixiene Industrial: Funcionamento de equipos como sonómetros e luxómetros.

Psicosocioloxía: achega dos conceptos asociados a saúde mental.

Ergonomía: Postura adecuada no posto de traballo e no uso do móbil.



No posto de Seguridade tanto o alumnado como o profesorado familiarizáronse co uso do arnés e poideron facer unha actividade coas gafas de realidade virtual, simulando o ascenso e descenso nun andamio.

Ademáis mediante unha actividade lúdica mostrouse a importancia das cinco regras de ouro no risco eléctrico.

Na biblioteca do centro houbo unha exposición de EPIs acompañada dunha explicación práctica por parte dos alumnos de Prevención de Riscos.

¡A participación foi un éxito!

No posto de Ergonomía explicouse a mellor postura a adoptar no traballo e cales son as condicións máis axeitadas.

E no de Psicosocioloxía aplicada achegouse ao alumnado conceptos tan actuáis como o estrés, o burnout, o acoso laboral, a carga mental, a depresión e a saúde mental.

En Hixiene Industrial ensináronse os equipos de medida como sonómetros e luxómetros, e explicouse como funcionan.

Para rematar a celebración do Día da Seguridade e Saúde no Traballo, o alumnado de 1º curso do Ciclo Superior de Acondicionamento Físico realizou unha sesión de pausas activas de media hora para o alumnado e profesorado participante, nun dos ximnasios do centro.

ESPAZOS CONFINADOS E ANDAMIOS

CS PREVENCIÓN DE RISCOS

¡Seguridade!

NA MONTAXE E DESMONTAXE
DE ANDAMIOS

inaudita
FORMACIÓN Y CONSULTORÍA

FORMANDO EQUIPO

INSPECCIÓN
PREVENCIÓN
RESCATE

NO TRABALLO EN ESPAZOS
CONFINADOS

Para rematar a segunda avaliación, o alumnado do CS de Prevención de Riscos Laborais acudiu ás instalacións de Inaudita en Cambre para recibir formación práctica sobre Montaxe e desmontaxe de andamios.

MONTAXE

Andamios

DESMONTAXE

Espazos confinados

Tamén puideron realizar unha simulación de traballos en espazos confinados e unha práctica de rescate.



RESCATE

VISITA A BIOETANOL GALICIA, S.A

O alumnado do 1º curso do Ciclo Superior de Prevención de Riscos Profesionais do CIFP Universidade Laboral visitou as instalacións da empresa Bioetanol Galicia, S.A., pertencente ao grupo Vertex BioEnergy.

Alí, a súa Responsable de Seguridade e Saúde explicounos, de primeira man, como é a Xestión da Prevención nunha instalación como esta, os principais riscos existentes e as medidas preventivas implantadas na planta, así como a coordinación de Actividades Empresariais que realizan coas empresas auxiliares.

¡Todo un exemplo de integración da Prevención e de fomento da formación preventiva!

¡Gústanos aprender así!

Viaxe a Oviedo e Gijón

CS Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica

O alumnado do CS Eficiencia Enerxética visitou as instalacións de Sunthalpy en Oviedo e de Sto Ibérica en Gijón



Sunthalphy é unha vivenda “conectada ao sol”, é dicir, sérvese de tecnoloxía propia para poder estar desconectada da rede eléctrica, acadando un alto confort térmico.

sunthalpy
low enthalpy Solar buildings

sto

Construir con conciencia.

Sto.iberica é unha empresa especialista en sistemas de aislamiento térmico exterior, fachada ventilada continua, sistemas acústicos, revestimientos para exterior e interior, molduras, reparación e protección de hormigones.

Fixéronnos unha DEMO práctica de como instalar un sistema SATE e acudimos a algunha obra para ver a instalación “in situ”.
Tamén recibimos formación teórico-práctica de patoloxías asociadas ao sistema.

Aproveitamos a viaxe para visitar a Universidade Laboral de Gijón

CRACOVIA

A semana do 13 ao 20 de maio, profesores do **ciclo de Animación Sociodeportiva** foron a visitar ao **alumnado de 2º** que está facendo as súas prácticas en empresa en Cracovia cunha **beca Erasmus**.

Foi una **experiencia moi enriquecedora** compartir con eles uns días, visitar as empresas na que están desenvolvendo o seu traballo, coñecer a cidade.

VISITA A BUQUE SARMIENTO DE GAMBOA

O alumnado de **1º de CM de Mantemento e Control de Buques e Embarcacións** tivo a oportunidade de visitar o **buque oceanográfico Sarmiento de Gamboa en Vigo** cando acababa de chegar da Antártida.

Puideron visitar a zona de máquinas da man do enxeñeiro do barco e a ponte na que o capitán lles explicou todos os protocolos de actuación cando están en campaña.

A **visita** formaba parte do **premio** que gañou o centro o ao pasado nos I Premios de **FEAE Galicia de Innovación Educativa polo seu proxecto da Axenda 2030** e foi organizada polo **CSIC**.

CSIC

CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS

A NOSA BIBLIOTECA

ESCAPE ROOM
EL QUIJOTE DE LA MANCHA

Para conmemorar o Día do Libro o alumnado do FP Básica participou nunha xincana literaria e nun escape room sobre Don Quixote na biblioteca.

ASÍ CONTINUAMOS CONMEMORANDO O DÍA DO LIBRO CO ALUMNADO DE FP BÁSICA CUN ESCAPE ROOM MOI ESPECIAL...

¡Aprendemos e nos divertimos!

CONCERTO DIDÁCTICO CON POPSÍA

Celebrando o Día do Libro con Popsía

O alumnado de 1º curso do Ciclo Superior de Acondicionamento Físico participou na actividade Popsía, un concerto didáctico que mestura poesía galega e música pop actual.

¡Pasándoo moi ben no concerto!

Resultou ser unha actividade moi apropiada para este grupo que ten varios módulos relacionados coa música e a comunicación.

¡E DESFRUTARON MOITO TODOS XUNTOS!

Mercado solidario

Celebrando o Día do Libro

Libros Solidarios

Durante as semanas previas ao Día do Libro, fíxose unha recollida de libros de segunda man para o mercado solidario que se celebrou o día 25 de abril.

Mercado solidario

Celebrando o Día do Libro

Novas vidas para os libros e leite para o banco de alimentos

Neste mercado solidario os libros foron moeda de cambio para conseguir moitos litros de leite para o banco de alimentos.

Mercado solidario

Celebrando o Día do Libro

No noso mercado solidario quedou demostrado que os libros poden ter novas vidas lectoras, pasando aos andeis doutras casas, da man de novos lectores.

Mercado solidario

Celebrando o Día do Libro

Así que realmente os libros teñen moitas vidas e son alimento de corpo e espíritu.

¡Dobre obxectivo cumprido!

UNHA DAS FINALIDADES DO CLUB DE LECTURA É FACILITAR AOS SEUS MEMBROS PARTICIPAR EN ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN CULTURAL,VISITANDO INSTITUCIÓNS CULTURAIS DA CONTORNA.

PARA REMATAR O CURSO ESTE ANO ORGANIZOUSE UNHA VISITA Á SEDE DA FUNDACIÓN BARRIÉ NA CORUÑA. TIVERON A OPORTUNIDADE DE FACER UN PERCORRIDO GUIADO POLA EXPOSICIÓN: “TEXTILES DE ARTISTAS”.

O CLUB DE LECTURA VAI DE EXPOSICIÓN

RESULTOU MOI INTERESANTE DESCUBRIR OBRAS DE PABLO PICASSO, SALVADOR DALÍ, HENRI MATISSE, JOAN MIRÓ, ANDY WARHOL E ALEXANDER CALDER, ENTRE OUTROS.

ASÍ REMATA A ACTIVIDADE DO CLUB ESTE ANO. O VINDEIRO CURSO CONTINUAREMOS A COMPARTIR MÁIS EXPERIENCIAS LECTORAS E CULTURAIS.

O CLUB DE LECTURA VAI DE EXPOSICIÓN


BO verán